


A ferverenza dos berros




Érase unha vez, unha vila chamada Springfield, na que vivía a nosa protagonista: unha nena de doce anos. Chamábase Adelle. A mañá na que comezou este conto, Adelle foi moi contenta ao instituto, porque ao día seguinte comezarían as vacacións de verán, e iríase a un campamento a Silleda, cos seus mellores amigos: Mar, Aldara, Xavi e Marcos. A mañá transcorreu con normalidade, pola tarde fixo as maletas, e ás seis quedou con Aldara, a súa mellor amiga. Ao día seguinte, a iso das seis da mañá os cinco saíron no bus. Os nenos e as nenas estaban moi emocionados, non paraban de falar e de berrar, había moito ruído.

Unhas horas máis tarde chegaron ao campamento.

Tambón uns minutos en instalarse. Adelle, Mar e Aldara compartiron cabana xunta cunha rapaza que se chamaba Sara. Adelle e Aldara compartiron liteira e Sara e Mar outra. Mentres, Marcos e Xavi instaláronse xunto con outros dos rapaces: Daniel e Carlos. Ao rematar saíron os oito para dar un paseo. Pasaron todo o día camiñando e cando regresaron só lles deu tempo a cear e ir durmir. Pola mañá espertaron cedo ao oír a voz dunha das monitoras por megafonía:

- Espertade!! É hora de almorzar e despois iremos dar un paseo!!

Perezosamente ergueronse e preparáronse. Despois foron almorzar. Almorzaron un zume de laranxa e unhas torradas de marmelada.




Deseguido foron pasear. Chegaron ata unha fervenza da zona, e ali pararon a xantar. Un rato despois, un dos campistas afastase do grupo para sacar unhas fotos. Foi acompañado dunha monitora. Cinco minutos máis tarde a monitora regresou:

- O rapaz desapareceu! - dixo case sen alento.
- Como puido desaparecer? - dixo outro monitor.
- Non sei - dixo ela. - Pero xiseime un segundo e cando me din conta, xa non estaba!

Todos saíron buscar ao rapaz, que se chamaba Fran. Gritaban:

- Fran!!
- Fran onde estás?!



Quedaron en reunirse no lugar onde xantaron, dez minutos despois de comezar a buscalo. Cando ese tempo consumíuse só uns poucos regresaron. Eran máis ou menos seis persoas: Adelle, Marcos, Xavi, Aldara, Mar e Daniel, que volveron as cabanas esperando que volvesen. Ceiron algunhas provisiones da cociña e logo foron durmir todos a unha cabana. Pasaron tres días. Neses días Daniel, Mar e Marcos desapareceron ao ir un día a por comida a cociña. Agora só quedaban tres: Adelle, Aldara e Xavi. Aquele día comezara como os tres anteriores, co medo e as ganas de volver a casa. As provisiones estaban a piques de esgotarse e quedaba pouca auga potable.

Aquele tarde saíron a fora a tomar o ar e uns minutos máis tarde de saís escoitaron o ruído dun motor, miraron e era o autobús. Correron cara el deixando volver a casa. Subiron e un anaco despois o bus desviouse cara a ferveza e sumerxiuse na auga, e nunca máis volveron a casa. Dise que se vas ao campamento de Silleda, na ferveza aínda podense oír os berros dos nenos intentando volver a casa.

Fin.

Ou non...

